

**4 ANOS**  
**CUARTA SEMANA! SEGUIMOS!**

**CONTINUAMOS TRABALLANDO A PARTIR DO CONTO NOMEADO A *CEBRA CAMILA* DA EDITORIAL KALANDRAKA, ESCRITO POR MARISA NUÑEZ E ILUSTRADO POR OSCAR VILLAN**

**LUNS, 4 DE MAIO**

**1º RUTINAS**

**2º MARATON NA CASA 2**

**IGUAL QUE AOS COMPAÑEIR@S DE CICLO PROPOÑEVOSMOS FACER OUTRO MARATON NA CASA, EXTRAIDO DE [WWW.ORIENTACIONANDUJAR.ES](http://WWW.ORIENTACIONANDUJAR.ES). APETECEVOS?**

**PARA SABER EN QUE CONSISTE SO TEDES QUE PREMER NO **DOCUMENTO** QUE O EXPLICA.**

**ANIMO!**

**MARTES, 5 DE MAIO**


**1º RUTINAS**

## 2º NOMES VARIADOS

CONVIDOVOS A FACER DIVERSOS XOGOS COS NOMES DOS AMIG@S! EXPLICO VARIOS, ELIXIDE O OU OS QUE QUEIRADES. ESPERO QUE VOS GUSTEN!

O PRIMEIRO, FACER UN ACROSTICO A PARTIR DO NOME DA CEBRA. QUE E ISO? CONSISTE EN PROCURAR NOMES DOS AMIG@S QUE COMECEN POR CADA UNHA DAS LETRAS QUE FORMAN “CAMILA”.

- A CONTINUACION, UN EXEMPLO:



**O SEGUNDO, BUSCAR NOMES (DA CEBRA E DOS AMIG@S) NUNHA SOPA DE LETRAS ESCRITOS EN VERTICAL I OU EN HORIZONTAL ---**

- **DEIXOVOS UN EXEMPLO IMAXINANDO QUE OS NOMES QUE TEMOS QUE PROCURAR SON: PAULA, CAMILA, DANIEL, PABLO E, ANA**

P	A	U	L	A	D	X	C
A	S	B	C	N	I	Z	A
B	E	T	M	A	H	Q	M
L	P	S	N	Ñ	F	O	I
O	G	D	A	N	I	E	L
P	M	A	O	D	T	S	A

**(\* ) E IMPORTANTE QUE OS NEN@S VEXAN POR ESCRITO OS NOMES QUE DEBEN ATOPAR!**

**O TERCEIRO, ESCRIBIR O NOME DA CEBRA E ALGUNS NOMES DOS AMIG@S CON LETRAS QUE ATOPEMOS EN XORNAIS, REVISTAS... ASI DESCUBRIREMOS DISTINTOS TIPOS DE LETRAS!**

## MERCORES, 6 DE MAIO

### 1º RUTINAS

### 2º PASO A PASO

**HOXE PROPOÑOVOS FACER ALGO SIMILAR A UN *SCAPE ROOM* OU A UNHA *CAZA DO TESOURO*. A IDEA E QUE VAIADES SUPERANDO UNHA SERIE DE “RETOS” PARA DESCUBRIR O “TESOURO FINAL”.**

**VOUVOS EXPLICAR UN EXEMPLO PERO, PODEDES VARIAR OS RETOS OU ADAPTALOS EN FUNCION DO MATERIAL QUE TEÑADES, DA DISTRIBUCION DA VOSA CASA, ETC. TODO COMO MELLOR VOS VEÑA!**

- **PRIMEIRO: A FAMILIA DEBE DESEÑAR OS 7 RETOS (A UNICA CONDICION PARA QUE ESTA ACTIVIDADE TEÑA SENTIDO E, SEMPRE QUE SEXA POSIBLE, QUE O “TESOURO FINAL” SEXA UNHA SEMENTE- SE NON TEDES NINGUNHA A MAN, PODEDES COLLER LENTELLAS-). A CONTINUACION, UN EXEMPLO:**

- **RETO 1: FAI UN CIRCULO, UN CADRADO E UN TRIANGULO (CO MATERIAL QUE QUEIRAS) E PINTAO A RAIAS, IGUAL CO CORPO DA CEBRA CAMILA**
- **RETO 2: INVENTA O NOME DA DIRECCION DA CASA DA CEBRA CAMILA E ESCRIBEO**
- **RETO 3: COLOCA NO CHAN TRES BOTELLAS DE PLASTICO BALEIRAS E SOPRA FORTE COMA O VENTO BANDIDO ATA CONSEGUIR DERRUBALAS**

- **RETO 4:** DEBUXA O TEU LUGAR NATURAL FAVORITO, O BOSQUE E O DA CEBRA CAMILA
  - **RETO 5:** BAILA UNHA CANCION QUE CHE GUSTE SIMULANDO TOCAR O VIOLIN DA CHICHARRA
  - **RETO 6:** INVENTA O NUMERO DE TELEFONO DE MAMA CEBRA E ESCRIBEO, LEMBRA QUE TEN QUE TER 9 NUMEROS
  - **RETO 7:** CONTINUA ESTAS SERIES
    - SERPE – CARACOL
    - ARAÑA – CHICHARRA - OCA
- **SEGUNDO:** A FAMILIA TEN QUE AGOCHAR UN INSTRUMENTO CARACTERISTICO DE CADA ESPAZO DA CASA NOUTRO. POÑO EXEMPLOS POR SE OS QUEREDES TER EN CONTA.
- **RETO 1:** UN XOGUETE NA COCIÑA
  - **RETO 2:** UN PELUCHE NO CORREDOR
  - **RETO 3:** UNHA CHAVE NA HABITACION
  - **RETO 4:** UNHA CULLER DE PAU NO CUARTO DE BAÑO
  - **RETO 5:** UN PEITE NO SALON
  - **RETO 6:** UN PAQUETE DE PANOS DE PAPEL NO COMEDOR
  - **RETO 7:** UNHA CAIXA COA SEMENTE NO BALCON
- **TERCEIRO:** O NEN@ TEN QUE IR BUSCANDO POLA CASA O INSTRUMENTO QUE NON CORRESPONDE AO LUGAR NO QUE SE ATOPA, EN ORDE (PRIMEIRO O 1, SEGUNDO O 2, TERCEIRO O 3...). A FAMILIA

**DEBE INDICARLLE ONDE SE ENCONTRA (EXEMPLO: NA COCIÑA) E, PODE ORIENTALO/A DICINDO *FRIO* –SE ESTA MOI LONXE DO OBXECTO- OU *QUENTE* –SE ESTA PROXIMO AO OBXECTO-.**

- **UNHA VEZ QUE O NEN@ DESCUBRA O INSTRUMENTO QUE ABRE PASO AO RETO 1, A FAMILIA DEBELLE EXPLICAR EN QUE CONSISTE. CANDO CONSIGA SUPERALO, A FAMILIA PASA A DAR AS INDICACIONES PARA QUE O NEN@ PROCURE O OBXECTO DO RETO 2, O ATOPE E O LEVE A CABO. ASI SUCESIVAMENTE ATA CHEGAR AO ULTIMO.**
  
- **UNHA VEZ SUPERADOS TODOLOS RETOS E DESCUBERTO O “TESOURO FINAL”, A SEMENTE QUE DA QUE NACE UN VEXETAL, IGUAL QUE OS QUE HAI NO BOSQUE QUE TANTO LLE GUSTA A CEBRA CAMILA, ANIMOVOS A:**
  - **INVESTIGAR QUE E**
  - **PLANTAR NUN VASO DE IOGUR (CON TERRA OU CON ALGODON HUMIDO)**
  - **COLOCAR NUN LUGAR ONDE RECIBA LUZ DE FORMA INDIRECTA**

**(\*) O INTERESANTE DESTA ACTIVIDADE E QUE VEXADES A EVOLUCION DA PLANTA E OS COIDADOS QUE PRECISA PARA MEDRAR.**

**(\*) PODEDES IR FACENDOLLE FOTOS PARA DESPOIS COMPARALAS ENTRE SI E VER A EVOLUCION.**

## **XOVES, 7 DE MAIO**

### **1º RUTINAS**



### **2º EXPLOSION DE CORES**

**APROVEITANDO QUE O ARCO DA VELLA LLE DA A CEBRA CAMILA UN LINDO REMENDO AZUL E QUE ESTAMOS NA PRIMAVERA, PROPOÑOVOS UNHA ACTIVIDADE DE PAPIROFLEXIA.**


**A IDEA E FACER UN RAMO / XARDIN DE FLORES DE PAPEL DAS DIFERENTES CORES DO ARCO DA VELLA EMPREGANDO RECORTES, REVISTAS, PAPEIS DE CORES, FOLIOS EN BRANCO PINTADOS CON CERAS / LAPIS / ROTULADORES... CALQUERA MATERIAL DE REFUGALLO QUE CONSIDEREDES!**

**COMO FACEMOS AS FLORES? A CONTINUACION EXPLICO UNHA IDEA SINXELA PERO, SE SABEDES OUTRA PODEDES FACELA SEN PROBLEMA.**


- **PRIMEIRO: RECORTAMOS DOUS CIRCULOS GRANDES DE PAPEL**



- **SEGUNDO: POÑEMOS UN ENCIMA DO OUTRO**




- **TERCEIRO: COLOCAMOS OS DOUS CIRCULOS ENCIMA DUN ROLLO DE PAPEL HIXIENICO  
-CORTAMOS UN TERCIO PARA QUE SEXA MAIS BAIXO- E, CO DEDO INDICE EMPURRAMOS OS  
CIRCULOS CARA ABAIXO**





- **CUARTO: POLO OUTRO LADO, COLLEMOS A PUNTA DOS CIRCULOS E, ENROLLAMOS**



**COLLER E ENROLLAR POR AQUI:**

- **QUINTO: PEGAMOS UNHA PALLIÑA OU UN PAPEL ENROLLADO A MODO DE TALO EN CADA UNHA DAS FLORES**
- **SEXTO: XUNTAMOLAS TODAS PARA FACER UN RAMO / XARDIN DE FLORES**
  - **SE FACEDES UN RAMO, PODEDES DECORAR UNHA CINTA PARA ATALO**
  - **SE FACEDES UN XARDIN, NON ESQUEZADES DECORAR O LUGAR ONDE PLANTEDES AS FLORES (MACETA, RECIPIENTE, CAIXA DE CARTON...)**

## **VENRES, 8 DE MAIO**

### **1º RUTINAS**

### **2º COCIÑEIR@S**

**XA QUE MAMA CEBRA ESTABA ESPERANDO A CEBRA CAMILA PARA MERENDAR... ANIMOVOS A FACER A RECEITA DA VOSA MERENDA FAVORITA (SE O PREFERIDES PODEDES ESCOLLER UNHA AO AZAR)!**

**PARA FACELA, ACONSELLOVOS COMBINAR PALABRAS CON IMAXES / DEBUXOS PARA QUE SEXA MAIS DODADO XA QUE, O OBXECTIVO E APRENDER QUE E UNHA RECEITA E QUE PARTES A CONFORMAN!**

- **DEIXO UN EXEMPLO IMAXINANDO QUE A MIÑA MERENDA FAVORITA E UNHA MACEDONIA DE FROITAS:**

***NOME***  
**MACEDONIA  
CON FROITAS DE PRIMAVERA**

***INGREDIENTES***  
**FRESON  
KIWI  
MELOCOTON  
SANDIA  
PLATANO**

***PASOS A SEGUIR***  
**1.LAVAMOS A FROITA  
2.PELAMOS A FROITA  
3.CORTAMOS A FROITA NUNHA TABOA EN ANACOS PEQUENOS  
4. VERTEMOS A FROITA NUN PRATO  
5. A COMER!!!**

**UNHA VEZ FEITA ESTA ACTIVIDADE, O IDEAL E VOLVER A ELA A HORA DA MERENDA PARA LEVALA A CABO, PROCURANDO OS ALIMENTOS NECESARIOS E SEGUINDO OS PASOS PARA, FINALMENTE DEGUSTALA! BO PROVEITO!**

**ANTES DE REMATAR, ENGADO UNHAS **CANCIONS** QUE RECOMENDA O **PROFE DE INGLES**:**

- **FEELINGS AND EMOTION CHANT – ADJECTIVES FOR KIDS BY ELF LEARNING**

<https://www.youtube.com/watch?v=zEk48QQSPo4>

- **HELLO SONG ABCS 123S FOR KIDS – DREAM ENGLISH KIDS**

[https://www.youtube.com/watch?v=GFSa0\\_r0fII](https://www.youtube.com/watch?v=GFSa0_r0fII)

- **HOW´S THE WEATHER SONG – MAPLE LEAF LEARNING**

<https://www.youtube.com/watch?v=l8GeA3anPdo>

**FINALMENTE, ADXUNTO O **ENLACE** DA BIBLIOTECA PARA QUE SIGADES INVESTIGANDO. ESPECIALMENTE, CONVIDOVOS A QUE VEXADES A ACTIVIDADE RELACIONADA CO DIA INTERNACIONAL CONTRA O ACOSO ESCOLAR (CELEBRADO O 2 DE MAIO): <http://lectorinvaladouro.blogspot.com>**

**QUE ACTIVIDADE VOS GUSTOU MAIS? AGARDO AS VOSAS MENSAXES!**